

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 22 de outubro de 2003 pola que se modifica a lista dos aspirantes seleccionados no proceso selectivo, convocado pola Orde do 6 de marzo de 2003 (Diario Oficial de Galicia do 14 de marzo) para o ingreso no corpo de mestres en expectativa de ingreso na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a adquisición de novas especialidades.

Pola Orde do 4 de agosto de 2003 (DOG do 22 de agosto) fíxose pública a lista dos aspirantes seleccionados no proceso selectivo, convocado pola Orde do 6 de marzo de 2003 (DOG do 14 de marzo) para o ingreso no corpo de mestres.

En virtude da estimación do recurso de alzada interposto por Flora Grande Rodríguez contra a puntuación outorgada na fase de concurso no proceso selectivo xa citado.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Incluir na relación de seleccionados no corpo de mestres publicada pola Orde do 4 de agosto de 2003 (DOG do 22 de agosto), na especialidade de música, entre Juan Luis Laguarda Abuín e Pablo Padrón Santamarina a Flora Grande Rodríguez.

Segundo.-Nomear funcionaria en prácticas do corpo de mestres a opositora Flora Grande Rodríguez, seleccionada no procedemento selectivo convocado pola Orde do 6 de marzo de 2003 (DOG do 14 de marzo).

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2003.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 8 de outubro de 2003 pola que se declara concluído o procedemento e deserta a praza 186/2001 de titular de escola universitaria da área de coñecemento de dereito mercantil, do departamento de Dereito Privado.

Convocado concurso por resolución da Universidade da Coruña, do 13 de novembro de 2001 (BOE do 27 de novembro), para a provisión da praza nº 01/186 de titular de escola universitaria da área de coñecemento de dereito mercantil, do departamento de Dereito Privado desta universidade, e tendo en conta que a comisión non propón ningún can-

didato; visto o artigo 11.2º d) do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro.

Este rectorado, resolve declarar concluído o procedemento e deserta a praza referida.

A Coruña, 8 de outubro de 2003.

P.D. (Resolución 26-9-2003)

Eliseo Alfonso Barca Lozano

Rector da Universidade da Coruña en funcións

Resolución do 8 de outubro de 2003 pola que se nomea profesora titular de universidade da área de coñecemento de lingua española, do departamento de Filoloxía Española e Latina, a Cristina Fernández Bernárdez (praza 119/2001).

De conformidade coa proposta da comisión designada para xulga-lo concurso que convocou esta universidade por Resolución do 13 de novembro de 2001 (BOE do 27 de novembro), para a provisión da praza número 01/119 de profesora titular de universidade da área de coñecemento de lingua española, do departamento de Filoloxía Española e Latina desta universidade, a favor de Cristina Fernández Bernárdez, e unha vez que a interesada acredítase os requisitos ós que alude o punto 2º do artigo 5 do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro.

Este rectorado, no uso das atribucións que lle confire o artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Cristina Fernández Bernárdez profesora titular de universidade da área de coñecemento de lingua española, do departamento de Filoloxía Española e Latina desta universidade.

A Coruña, 8 de outubro de 2003.

P.D. (Resolución 26-9-2003)

Eliseo Alfonso Barca Lozano

Rector da Universidade da Coruña en funcións

Resolución do 8 de outubro de 2003 pola que se nomea profesora titular de universidade da área de coñecemento de máquinas e motores térmicos, do departamento de Construcións Navais, a María Luisa Fernández Feal (praza 148/2001).

De conformidade coa proposta da comisión designada para xulga-lo concurso que convocou esta universidade por Resolución do 13 de novembro de 2001 (BOE do 27 de novembro), para a provisión da praza número 01/148 de profesora titular de universidade da área de coñecemento de máquinas e motores térmicos, do departamento de Construcións Navais desta universidade, a favor de María Luisa Fernández Feal, e unha vez que a interesada acre-